

# XIV FEIRA DA ARTESANÍA DE OUTEIRO DE REI

## BASES DO II CAMPIONATO DE ESCULTORES CON MOTOSERRA DE OUTEIRO DE REI

O Concello de Outeiro de Rei convoca o II CAMPIONATO DE ESCULTORES CON MOTOSERRA dentro das actividades da XIV Feira da Artesanía de Outeiro de Rei.

### **PARTICIPANTES**

Poden participar todas as persoas, afeccionadas e profesionais, que sexan maiores de idade e teñan manexo da motoserra aplicada á consecución de esculturas en madeira.

Admitiranse un cupo máximo de 7 participantes que serán admitidos por orde de solicitude de participación. A listaxe coa relación de admitidos e excluídos será publicada na sede electrónica municipal (<https://outeiroderei.sedelectronica.gal/board>).

### **INSCRICIÓN**

A inscrición é libre e gratuíta e realizarase do 17 ao 23 xuño (ambas datas incluídas).

As solicitudes para participar formalizaranse no modelo que acompaña estas bases (ANEXO I), presentándose no rexistro xeral do Concello de Outeiro de Rei (físico ou electrónico) ou no enderezo electrónico [feiras@outeiroderei.org](mailto:feiras@outeiroderei.org).

As solicitudes deberán vir acompañadas da fotocopia do DNI da persoa que solicite a súa participación e do seu certificado de empadramento, se procede.

### **COMPETICIÓN**

O inicio da proba terá lugar o día da feira ás 11:00 h para preparar o material e proceder ao sorteo dos troncos entre as persoas participantes. A tal efecto, as persoas inscritas e admitidas pola organización, deberán presentarse no Campo de Santa Isabel (inmediacións do circuíto deportivo).

Ás 12:00 h dará comezo a competición que se dividirá en dúas partes. De 12:00 h a 14:00 h, descanso para xantar, e de 16:15 h a 18:15 h.

As persoas participantes deberán traer todo o material necesario para a realización da súa obra (a excepción do tronco de madeira), incluído o seu equipo de protección individual (EPI); ningún competidor poderá participar sen estar provisto do mesmo.

Só se pode presentar unha obra por autor/a.

### **TEMÁTICA**

A temática das obras deberá estar relacionada con algún oficio artesanal a elección dos participantes. Valorarase, a contribución da obra á valoración dos oficios artesanais, o acabado da obra e o equilibrio de formas.



## **FALLO DO XURADO**

O fallo do xurado será inapelable e realizarase ás 18:45 h no lugar da proba. Concluída a entrega de premios, as obras gañadoras permanecerán expostas ata as 20:00 h no lugar da proba e na Praza da Vila, do 06/07/2022 ao 30/07/2022.

As obras non seleccionadas poderán ser retiradas o mesmo día do campionato polos seus autores que perderan todo o dereito sobre as mesmas se non as retiran nesa data.

## **XURADO**

O xurado estará composto polas seguintes persoas.

En representación do Concello:

- Pilar Méndez Lombao, concelleira (presidenta).
- Carlos Alberto Álvarez Franco, monitor deportivo (vogal/secretario).

En representación do mundo das artes:

- Persoa que se adique á escultura en madeira (vogal).

O xurado reservase o dereito a declarar deserto calquera dos premios.

## **PREMIOS**

Haberá os seguintes premios:

- 1º clasificad@: 200 € e detalle
- 2º clasificad@: 150 € e detalle
- 3º clasificad@: 100 € e detalle
- 4º, 5º, 6º e 7º clasificad@s: detalle

Os artistas premiados estarán obrigados a firmar a súa obra.

As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Outeiro de Rei que se reserva o dereito, cando o estime, a ceder algunha delas a entidades públicas do municipio.

Ademais, co obxectivo de favorecer a participación, @s concursantes residentes na CCAA de Galicia recibirán 50 € para gastos de desprazamento e as persoas que residan fóra da nosa Comunidade recibirán 120 € destinados a gastos de aloxamento, manutención e viaxe. Esta última circunstancia deberá ser acreditada mediante a presentación de certificado de empadramento expedido no mes de xuño.

## **ACEPTACIÓN DAS BASES**

A participación neste concurso supón a aceptación das bases así como o fallo do xurado.

A organización queda facultada para resolver calquera imprevisto que poida xurdir no non recollido nestas bases.

